

Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### REDONDELA

#### Subvencións e axudas

*BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS, PARA FESTIVAIS  
NON PROFESIONAIS DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS*

#### **BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA FESTIVAIS NON PROFESIONAIS DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS**

##### PRIMEIRO.—DEFINICIÓN

As presentes Bases e Convocatoria teñen por obxecto establece-los criterios e o procedemento para a concesión de subvencións en réxime de libre concorrència. O propósito é fomentar a mellora das manifestacións culturais en formato de festival que promovan asociacións e entidades sen ánimo de lucro, que poidan ser consideradas de interese social para o Concello de Redondela por ter acreditada unha traxectoria consolidada, dirixidas á poboación en xeral, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

##### SEGUNDO.—OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Serán obxecto de subvención unicamente as actividades culturais dirixidas á realización de festivais de música e artes escénicas. Estas actividades realizaranse durante o ano 2017, abrangendo o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2017.

Quedan excluídos da presente convocatoria, e por tanto non serán obxecto de subvención, as seguintes actividades e investimentos:

- Os gastos de investimentos: obras e bens inventariables.
- Os gastos incompatibles coa aplicación orzamentaria á que se imputa o gasto desta convocatoria.
- Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- As actividades subvencionadas, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións do Concello de Redondela ou a través de convenios asinados co concello.
- As actividades deportivas, así como de calquera outra índole que non sexa cultural.
- Os gastos de funcionamento das entidades e os gastos correntes.
- As viaxes de lecer, as excursións, as festas gastronómicas e as festas populares.
- Os gastos gastronómicos, agás naqueles casos que garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para o seu desenvolvemento.

Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

**TERCEIRO.—IMPORTE DA SUBVENCIÓN**

O crédito global que se dispón para o outorgamento destas subvencións será de 15.000 euros, con cargo á partida 3341A4890006 do orzamento vixente.

Se temos en conta o carácter de concorrencia competitiva destas Bases e Convocatoria, no caso de que o importe das axudas correspondentes ás solicitudes recibidas supere a dotación orzamentaria disposta, reducirase a contía subvencionable de maneira proporcional entre as beneficiarias, de tal xeito que non se supere a cantidade consignada para tal fin.

En ningún caso o importe da subvención será de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade que vai desenvolver-la entidade beneficiaria. Se así fose, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión. Así mesmo, calquera alteración das condicións para a concesión das subvencións poderá dar lugar á modificación do acordo de concesión.

Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, agás as subvencións concedidas polo concello.

**CUARTO.—ENTIDADES BENEFICIARIAS**

Terán a consideración de entidade beneficiaria das subvencións destas Bases e Convocatoria tódalas asociacións e entidades validamente constituídas sen fin de lucro, que teñan o seu enderezo social no municipio de Redondela, que realicen festivais de música e artes escénicas (incluída a danza) e se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Redondela.

Para os efectos desta subvención, enténdese por festival: a programación de, cando menos, tres artistas, especificamente deseñada para unha audiencia determinada baixo unha unidade de acción de comunicación, que ten carácter periódico e unhas datas (e horarios) claramente determinadas de inicio e remate.

En ningún caso poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nesta convocatoria aquelas nas que se dea algunha das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quedan excluídas desta convocatoria aquelas actividades ou programas que veñan regulados noutras convocatorias do Concello de Redondela.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>  
Código seguro de verificación:A0GFITIKHVSQDMQ8



Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

*QUINTO.—DOCUMENTACIÓN*

As entidades interesadas en acollerse ós beneficios desta convocatoria presentarán as solicitudes no Rexistro de Entrada do Concello de Redondela dirixidas ó Alcalde, ou a través de calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no modelo normalizado que se facilitará no propio Rexistro.

A documentación presentada será a recollida no Anexo I desta convocatoria.

Se o escrito de solicitude non reunise os datos de identificación ou calquera dos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, requirirase á interesada para que, no prazo de 10 días hábiles, emende as faltas ou achegue os documentos preceptivos, indicando que, no caso de non o facer, desistirá da súa petición, logo de se emiti-la correspondente resolución.

*SEXTO.—PRAZO DE SOLICITUDE*

Estas Bases e Convocatoria publicaranse na páxina web do Concello de Redondela e no Boletín Oficial da Provincia.

O prazo de solicitude é VINTE DÍAS NATURAIS, que se contarán a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do extracto desta convocatoria.

*SÉTIMO.—CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS*

O procedemento de outorgamento destas subvencións é o de concorrencia competitiva. Polo tanto a súa concesión realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas coa finalidade de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de avaliación previamente fixados nesta convocatoria, e adxudica-las subvencións segundo esas valoracións.

A contía da subvención fixarase en función dos puntos acadados nos criterios do baremo e dos recursos con que conte o beneficiario para cubrir parcialmente os proxectos.

A cantidade prevista na Base Terceira para estas subvencións dividirase entre a suma da puntuación obtida por todas as entidades que solicitan a axuda. O cociente desa división multiplicarase polos puntos obtidos na valoración de cada beneficiario, sendo o devantito resultado o importe da subvención que se propondrá outorgar polo Concello.

As axudas que se concedan ó abeiro da presente convocatoria non poderán supera-lo importe de 3.000,00 € por entidade solicitante, e sen que poida superar en todo caso o importe solicitado pola mesma.

A subvención aprobada poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades, así como, se é o caso, outros ingresos. A subvención municipal non poderá superar o 70% do custo da actividade.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>  
Código seguro de verificación:A0GFTITXKHSQDMQ8



Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

A concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria mencionada no artigo terceiro e segundo os seguintes procedementos e criterios obxectivos:

Procedemento de concesión das subvencións: instrución e competencia para a avaliación das solicitudes:

A instrución do procedemento corresponderalle á/ó funcionaria/o designado para este fin (en adiante instrutor/a), que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales formulará a proposta de resolución. Tamén será a persoa encargada de requirir ás entidades solicitantes a emenda das deficiencias.

Realizarase un certificado acreditativo das solicitudes presentadas.

Logo de que o/a Instrutor/a avalíe as solicitudes segundo os criterios, formas e prioridades establecidas nesta convocatoria, elevarase a unha Comisión de Avaliación integrada pola concelleira de Cultura, que actuará de presidenta, dona María Teresa París Blanco, a concelleira dona Ángela Antón Pazos e o concelleiro don Jesús Crespo López, a funcionaria dona Rosalina Arias Prieto e o/a Instrutor/a designada pola Concellaría de Cultura, que actuará como secretario/a con voz pero sen voto.

Logo de ve-la documentación xustificativa presentada, o órgano instrutor procederá á valoración de se, coa xustificación presentada por cada beneficiario, cumpre coa finalidade básica da subvención.

O/A secretario/a recollerá o debatido na correspondente acta.

O/A instrutor/a, trala acta da comisión, formulará a proposta de resolución provisional debidamente motivada.

No caso de que na valoración o/a instrutor/a utilizara datos diferentes dos achegados polas entidades, abrirase un prazo de 10 días para que tódalas entidades interesadas poidan presentar as alegacións que estimen oportunas. Logo de examina-las alegacións presentadas, de ser o caso, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou se fose o caso de que este trámite non fose necesario, conforme con este artigo, a proposta de resolución provisional terá o carácter de definitiva, e as entidades solicitantes para as que se propón a concesión de subvencións deberán expresa-la súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala. Xunto coa proposta, o/a instrutor/a emitirá un informe no que establece que a información que consta no seu poder, referida ás entidades beneficiarias, cumpre con tódolos requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O Concello de Redondela poderá, en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención, solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.



Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

## RESOLUCIÓN

Despois a proposta pasará á Intervención municipal para que realice a súa fiscalización, de acordo co Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

A partir da proposta e tralo informe da Intervención municipal, Alcaldía concederá as subvencións mediante Resolución na que se especifique a relación de entidades ás que se lles concede a axuda e a desestimación das restantes solicitudes.

Contra a anterior Resolución, por esgota-la vía administrativa, poderase interpoñer, á elección das entidades:

**RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN**, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), perante a Alcaldía do Concello, no prazo dun mes que contará a partir do día seguinte ó da recepción desta notificación. O recurso entenderase desestimado se transcorre outro mes, desde a súa interposición, sen que lle sexa notificada a resolución expresamente.

**RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO**, segundo o disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA) directamente, perante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á data de notificación desta resolución.

Contra a desestimación expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte a aquel no que se notifique a resolución. A desestimación por silencio non está suxeita ao prazo de caducidade previsto no artigo 46.1 da LXCA.

Todo isto sen prexuízo de que, se o considera conveniente, interpoña outros recursos procedentes. Ademais sinalase que a interposición de recursos non suspende a execución do acto administrativo, sen prexuízo do disposto no artigo 117.2 da LPAC.

O acordo de concesión non terá que distribuír obrigatoriamente a totalidade do crédito.

O prazo máximo para resolver será de tres meses contados a partir da finalización do prazo para a solicitude das subvencións. Transcorrido o devandito prazo, as entidades solicitantes ás que non se lles notifique resolución expresa, entenderán que a súa solicitude foi denegada.

### CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN:

A puntuación máxima total será de 100 puntos por cada solicitude.

As solicitudes teñen que ser valoradas de acordo cos criterios seguintes, comúns a todo tipo de entidades:



Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

*A. Traxectoria, interese, dimensión e duración do festival en edicións anteriores:*

Máximo total de 50 puntos.

*A.1. Dimensión do festival: máximo de 5 puntos.*

2,5 puntos, para festivais ata 1.000 espectadores.

5 puntos, para festivais de máis de 1.000 espectadores.

En caso de non poder acreditar, por calquera medio válido, o número de espectadores, a puntuación será de 1 punto.

Acreditarase mediante algún dos seguintes medios: informes policiais, follas de control entregadas á SGAE, informe da empresa encargada da venda de entradas na que recolla o número de entradas vendidas ou medios similares dos que dispoña para acredita-lo número de asistentes.

*A.2. Antigüidade: máximo de 10 puntos.*

Excluída a edición obxecto desta convocatoria.

Por cada ano, agás o da presente convocatoria, puntuarase con 1 punto, ata un máximo de 10.

A acreditación farase mediante a entrega de cartelería ou folletos de cada edición, poidendo ser anos consecutivos ou non consecutivos, sempre que entre festivais non consecutivos non medien máis de dous anos.

*A.3. Por realización de publicidade do festival en medios de comunicación (prensa, radio, tv e medios de prensa dixitais). Máximo de 20 puntos.*

Teremos en conta, con respecto a isto, tanto os anuncios facturados coma aqueles que non o sexan.

1.—Por cada nova que difunda o festival, 1 punto ata un máximo de 10 puntos.

2.—Por cada medio no que se insiren anuncios 1 punto, cun máximo de 10 puntos.

En cada caso haberá que xustificar debidamente por medios apropiados cada inserción (copia en papel, cd ou pendrive, ou impresión de web).

*A.4. Difusión en redes sociais. Máximo de 10 puntos*

1.—Por creación e difusión nas redes sociais propias do festival: 5 puntos.

2.—Por difusión noutras redes non propias do festival: 0.5 punto por cada rede social na que apareza un anuncio (ata 5 puntos), sexan especializadas ou non.



Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

Este apartado acreditarase mediante a copia das novas e especificarase a dirección web da noticia.

#### *A.5. Duración do festival en días. Máximo de 5 puntos*

1 punto por cada día de duración do festival, que así figure na memoria, proxecto, cartelaría etc.

#### *B. Memoria do proxecto do festival para o cal se solicita a subvención. Máximo de 40 puntos.*

##### *B.1. Memoria.*

B1.1.—Interese cultural ou de recuperación patrimonial de festivais, 10 puntos.

- Interese cultural: Entenderase aquel festival que exclusivamente teña como obxecto a cultura musical galega, 5 puntos
- Recuperación patrimonial de festivais: Puntuarase a recuperación dun festival que levara máis de tres anos sen realizarse, 5 puntos.

B1.2. 1 punto por cada artista ou banda do festival que actue en galego, 1 puntos ata un máximo de 10 puntos.

B1.3.— Obxectivos:

- Se é un proxecto de promoción xuvenil (menores de 30 anos) 5 puntos.

Por promoción xuvenil entenderase que no festival actue un artista ou unha banda na que todos os compoñentes teñan menos de 30 anos de idade.

- Se é un proxecto de promoción da integración da poboación 5 puntos.

Para poder puntuar neste apartado, deberán figurar como un dos obxectivos do festival a integración social das persoas constando así na memoria de xeito inequívoco e expreso. Neste apartado puntuará o favorecer que persoas ou grupo de persoas que viven en Galicia e que proceden de países e territorios extranxeiros se integren na cultura galega a través da participación en festivais figurando así tanto nos carteis como na publicidade.

Todos estes aspectos serán especificamente descritos na memoria do proxecto, abondando na explicación de cada un mediante informes, programas, descrición de obxectivos etc.

##### *B.2. Actividades complementarias de fomento da cultura local: exposicións, obradoiros, presentacións doutras iniciativas culturais de Redondela:*

1 punto por cada actividade complementaria que expresamente se recolla no proxecto ata 5 puntos.



Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

*B.3. Creación de novos valores, mediante concurso de talentos ou contratación de grupos noveis no propio festival: 5 puntos.*

Estes dous apartados acreditarase mediante a presentación de carteis e folletos que recollan as ditas actividades.

*C. Viabilidade técnica e económica do proxecto. Máximo de 10 puntos.*

*C.1.* Se na documentación da solicitude de autorización de organización do festival consta unha memoria técnica do festival (que inclúa plano do recinto, plan de mobilidade de persoas e vehículos, plan de evacuación e emerxencias, proxecto técnico de montaxe de estruturas non permanentes e aparellos debidamente visado): ata 5 puntos.

*C.2.* Porcentaxe de subvención solicitada con respecto ó orzamento presentado do proxecto, máximo 5 puntos:

- Entre o 50 % e o 70 %: 1 puntos.
- Menos do 50 % e ata o 25 %: 3 puntos.
- Menos do 25 %: 5 puntos.

#### *OITAVO.—PRAZO DE NOTIFICACIÓN*

O outorgamento das subvencións notificarase ás entidades interesadas de acordo co establecido nos artigos 40, 42 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se no prazo de dez días a entidade beneficiaria non manifestara o contrario, entenderase que acepta a subvención e queda suxeita ás obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen ánimo de lucro.

#### *NOVENO.—OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS*

As entidades beneficiarias das subvencións terán que averse ás seguintes obrigas:

1. Cumprir co obxectivo, realiza-la actividade e adopta-lo comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria presentada.
2. Xustificar ante o Concello de Redondela o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.
3. Someterase ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realiza-los órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.





Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

4. Comunicar ó Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación efectuarase tan pronto como se coñeza.
5. Acreditar que se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
6. Facer constar, naquelas actividades que así o permitan, que contan coa subvención do Concello de Redondela. Deberá figura-la colaboración do Concello de Redondela en calquera dos soportes publicitarios da actividade subvencionada.
7. Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Desenvolve-la actividade subvencionada no termo municipal de Redondela.
9. As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas. Deberán estalo tamén no rexistro de asociacións do Concello de Redondela.
10. As publicacións, carteis, publicidade e toda a produción escrita de tódalas actividades subvencionadas polo Concello de Redondela estarán sempre en lingua galega, de acordo coa lexislación e coa Ordenanza reguladora do uso do galego no Concello de Redondela (BOP núm. 196, do 9 de outubro de 1998). Así mesmo respectarán rigorosamente a toponimia oficial de acordo coa Lei 3/83, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

#### *DÉCIMO.—XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO*

A xustificación, que será obrigatoria para o libramento dos fondos por parte do concello, suporá a acreditación do cumprimento do obxecto da subvención concedida. Coa xustificación deberase acompañalo importe do resto dos fondos que financien a actividade subvencionada, así como a súa procedencia.

A xustificación, que será responsabilidade da entidade declarante, farase coa presentación no Rexistro de Entrada do concello do formulario correspondente, debidamente cuberto, que conterá a documentación xustificativa dos gastos realizados e a certificación da actividade realizada coa finalidade para a que foi concedida a subvención.

As entidades beneficiarias presentarán unha declaración responsable de acordo co establecido no artigo 24.5 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Se a entidade beneficiaria fose debedora con motivo dunha débeda vencida, líquida e esixible, a Alcaldía poderá acorda-la compensación.

Con carácter xeral, a xustificación realizarase mediante facturas orixinais ou compulsadas (a compulsas pode facerse no propio Rexistro Xeral do concello) directamente relacionadas co obxecto da subvención, e se for o caso, correspondentes ó período para o que esta foi concedida.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>  
Código seguro de verificación:A0GFITIKHVSQDMQ8



Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

No caso de que a entidade beneficiaria xustifique a subvención mediante facturas compulsadas, deberá presenta-las facturas orixinais para que conste nelas o selo do concello no que se indique que estas foron utilizadas para xustificar unha subvención do concello. As facturas deberán conte-los seguintes datos:

1.—Emisión da persoa ou entidade beneficiaria con especificación do seu NIF ou CIF e enderezo fiscal.

2.—Identificación completa do/a provedor/a, especificando a súa denominación, NIF ou CIF e enderezo fiscal.

3.—Número de factura.

4.—Lugar e data da emisión da factura.

5.—Descrición suficiente da subministración realizada ou do servizo prestado, reflectindo as unidades obxecto do servizo ou subministración, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do IVE.

6.—Período que corresponda.

7.—Selo ou lenda de “cobrado”, “pagado”, “recibín” ou similar.

Só serán gastos subvencionables os que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido, e que ademais estean efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención, agás nos casos de pagamentos a conta.

Os documentos xustificativos corresponderán a gastos realizados dende o comezo das actividades subvencionadas ata que finalice o prazo de xustificación.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos as cantidades satisfeitas ao Concello de Redondela polo uso das instalacións, nin de calquera tributo ou prezo público satisfeito ó concello. Tampouco serán gastos xustificables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e os gastos de procedementos xudiciais.

Se as axudas doutras administracións públicas son superiores ás previstas ou declaradas pola entidade beneficiaria no momento da solicitude e fan que superen, xunto coa subvención desta convocatoria, a contía total de gastos, o importe da subvención verase reducido na cantidade que corresponda para que o gasto non sexa inferior ás axudas.

O pagamento da subvención alcanzará o 70% do importe xustificado, sendo o límite a cantidade concedida. No caso de que a entidade beneficiaria non xustifique a totalidade do gasto da subvención concedida, realizarase o libramento dos fondos polo importe xustificado, sempre e cando se cumpran co resto dos requisitos desta convocatoria.



Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

**UNDÉCIMO.—PUBLICIDADE DO PROCEDEMENTO DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA CONVOCATORIA**

Procederáse á publicación na páxina web do Concello de Redondela, no Taboleiro de Anuncios do concello e na base de datos nacional de subvencións. En todo caso, o acordo de concesión será exposto durante 30 días no Taboleiro de Anuncios do concello, onde se recollerá a convocatoria, o crédito orzamentario, as entidades beneficiarias, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

**DUODÉCIMO.—REINTEGRO DA SUBVENCIÓN**

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación de subvención, que levará consigo a obriga de devolve-las cantidades percibidas.
- Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

As cantidades devoltas terán carácter de dereito público.

**DÉCIMO TERCEIRO.—INSPECCIÓN E CONTROL**

O Concello de Redondela, a través de Intervención municipal, poderá realiza-las comprobacións que estime oportunas respecto das actividades subvencionadas e terá acceso a toda a súa documentación xustificativa. Asemade será de aplicación o Título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**DÉCIMO CUARTO.—INFRACCIÓN E SANCIÓN**

Esta convocatoria queda en materia de infraccións e sancións ó disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 28 da OMS.

**DÉCIMO QUINTO.—RÉXIME XURÍDICO APLICABLE**

Esta convocatoria e as subvencións que se concedan de acordo con elas efectuaranse conforme coa seguinte normativa aplicable:

- 1.—Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 2.—Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 3.—Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- 4.—Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>  
Código seguro de verificación:A0GFTITKHVSGDMQ8



Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

5.—Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora de facendas locais.

6.—Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

7.—Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Redondela.

8.—As bases de execución do orzamento do Concello de Redondela.

9.—Demais normativa aplicable.

Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

Solicitud (Anexo I)	
Referencia (para cubrir pola Administración)	

Datos da entidade solicitante

Nome				CIF	
Enderezo				Localidade	
CP		Teléfono		Correo electrónico	
Núm. de socios			Ano no que se constituíu		

Datos da persoa representante da entidade

Nome e apelidos				NIF	
Enderezo				Localidade	
CP		Teléfono		Correo electrónico	
Cargo que ocupa					

Proxecto subvencionable

Solicita para a actividade ou programa que se recolle no Anexo II unha subvención por un importe total de	€
---	---

**Documentación que se achega**

Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

- Fotocopia da Tarxeta de Identificación Fiscal da entidade solicitante.
- Fotocopia do DNI da persoa representante.
- Memoria explicativa do proxecto e programa (Anexo II).
- Declaración responsable (Anexo III).
- 
- Declaración responsable de estar ó corrente das obrigas tributarias (Anexo IV). Informes policiais, follas de control entregadas á SGAE, informe da empresa encargada da venda de entradas na que recolla o número de entradas vendidas ou medios similares nos que quede acreditado fidedignamente o número de asistentes para o criterio de valoración A.1.
- A acreditación farase mediante a entrega de cartelería ou folletos de cada edición para os criterios de valoración A.2, B.1 e B.2.
- Copia de anuncios feitos en medios escritos ou arquivo en soporte informático no que se conteña o anuncio no caso de medios audiovisuais.
- 
- 
- Declaracións responsables (Anexo V). Designación conta bancaria (Anexo VI). Facturas ou nóminas (orixinais ou compulsadas), acreditativas dos gastos realizados, así coma o seu pagamento. No caso de que se presenten fotocopias compulsadas deberá presentalas facturas ou nóminas orixinais para que conste nelas o selo do Concello no que se indique que estas foron utilizadas para xustificar unha subvención do concello.

Redondela, ..... de ..... de 2017.

Sinatura: .....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA**

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>  
Código seguro de verificación: A0GFITIKHVSGDMQ8



Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

Memoria do festival (Anexo II)	
	Referencia (para cubrir pola Administración)
Entidade	

Denominación, obxectivos e descrición

Denominación do festival											
Obxectivos											
Descrición											
Actividades que se van realizar											
Lugar de celebración											
Calendario das actividades											
Data de inicio			Data de finalización			Nº días totais					
Meses nos que se realiza a actividade											
Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	
Número de persoas beneficiarias											
Grupo de idade ó que se dirixe a actividade ou programa											
Responsable/s da actividade											
Nome e apelidos						DNI					
Enderezo						Localidade					
CP		Teléfono		Correo electrónico							

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>  
 Código seguro de verificación:A0GFITIKHVSGDMQ8



Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

Colaboran outras entidades ou asociacións na organización neste festival (deberán figurar na memoria e na cartalaría coma colaboracións) <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
En caso afirmativo, cales?

## Orzamento

Concepto de gastos	Importe
Total	€

Concepto de ingresos	Importe
Subvencións doutros entes públicos (este importe coincidirá co total consignado no Anexo III)	
Achegas propias do solicitante (incluídos patrocinios)	
Subvención que se solicita	
Total (este importe deberá ser coincidente co total de gastos)	€

Redondela, ..... de ..... de 2017

Sinatura: .....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA**Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>  
Código seguro de verificación:A0GFITIKHVSQDMQ8



Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

<b>Declaración responsable (Anexo III)</b>	
Referencia (para cubrir pola Administración)	

Don/Dona ..... con NIF .....  
en calidade de representante da entidade .....- Que  
acepto, despois de ler e coñecer as Bases e a Convocatoria de subvencións do Ilmo. Concello  
de Redondela para o ano 2017.

2.- Que esta entidade non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas nos parágrafos 2  
e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.- Que o conxunto das axudas solicitadas, concedidas e/ou percibidas para a actividade pola  
que se solicita subvención, procedentes de administracións públicas ou doutros entes públicos  
ou privados, nacionais ou internacionais, ademais das previstas nesta convocatoria, son as  
seguintes:

Ningunha outra axuda ou subvención.

Outras axudas ou subvencións.

(sinala-la que proceda)

Importe	Solicitada/Concedida/Percibida	Administración ou entidade que concede

4.- Que son certos os datos declarados nesta Convocatoria.

Redondela, ..... de ..... de 2017.

Sinatura: .....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA**

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>  
Código seguro de verificación:A0GFITIKHVSGDMQ8



Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

**Declaración de obrigas tributarias (Anexo IV)**

Referencia (para cubrir pola Administración)

Don/Dona ..... con NIF .....calidade de secretario/a da entidade.....

**CERTIFICA**

Que esta entidade está ó corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, o que asino en cumprimento da letra E) do apartado 2º do Artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que é unha entidade sen ánimo de lucro.

Que esta entidade ten debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias, ou ten solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada, ou ben ten presentada unha renuncia por escrito.

Redondela, ..... de ..... de 2017.

Visto e prace  
A/O Presidenta/e

Asdo.: ..... A/O Secretaria/o .....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA**

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>  
Código seguro de verificación:A0GFTITKXHVSGDMQ8



Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

**Declaración responsable para a xustificación (Anexo V)**

Entidade	
CIF	

Representante		NIF	
Enderezo		CP	
Localidade		Teléfono	
Correo electrónico			

**DECLARACIÓN:**

DECLARO RESPONSABLEMENTE que nin a asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, están incurso en suposto ningún dos que se refire o artigo 13 da Lei xeral de subvencións públicas.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que non forma parte dos órganos de Goberno ou Administración da entidade ningún membro que se atope nos supostos recollidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade atópase ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica, coa Recadación municipal e coa Seguridade Social.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade atópase inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para as subvencións do Concello de Redondela son exactas e non experimentaron variación.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que en cumprimento do artigo 25 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, non ter incumprida ningunha obriga por reintegro de subvencións.

AUTORIZO ó órgano que xestione a subvención a conseguí-los datos que estean en poder da Administración que fosen necesarios para comproba-la veracidade das declaracións realizadas.

Redondela, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017.

Asdo.:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>  
Código seguro de verificación:A0GFITIKHVSGDMQ8

Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

<b>Designación de conta bancaria e comunicación de baixa de datos bancarios (Anexo VI)</b>			
<b>I. Datos do acredor (deberase achegar fotocopia do NIF ou CIF, agás que xa a achegarán con anterioridade)</b>			
NIF	Nome ou denominación social		
Enderezo fiscal			Municipio
Provincia	Código Postal	Teléfono	Correo electrónico

<b>II. Datos do representante</b>	
NIF	Nome

III. Alta de datos bancarios														
<p>A CUMPLIMENTAR POLA ENTIDADE DE CRÉDITO:                      Certifico, a petición da persoa reflectida en "I Datos do acredor" e para os efectos da domiciliación dos importes que á mesma lle ordee a Tesourería do Concello de Redondela, a existencia da conta referenciada en "III Alta de datos bancarios", aberta a nome do titular que se reflicte no citado apartado "I Datos do acredor"</p> <p>(Selo da entidade de crédito) <span style="float: right;">POLA ENTIDADE DE CRÉDITO</span></p> <p style="text-align: center;">Asdo.:</p>														

IV. Baixa de datos bancarios														

Redondela, ..... de ..... de 2017.

Sinatura: .....  
(Sinatura do acredor ou representante)

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA**

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>  
 Código seguro de verificación: A0GFITIKHVSGDMQ8



Martes, 21 de novembro de 2017

Núm. 223

**BASES Y CONVOCATORIA PARA LA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA FESTIVALES  
NO PROFESIONALES DE MÚSICA Y ARTES ESCÉNICAS***PRIMERO.—DEFINICIÓN*

Las presentes Bases y Convocatoria tienen por objeto establecer los criterios y los procedimientos para la concesión de subvenciones en régimen de libre concurrencia. El propósito es fomentar la mejora de las manifestaciones culturales en formato de festival que promuevan asociaciones y entidades sin ánimo de lucro, que puedan ser consideradas de interés social para el Concello de Redondela por tener acreditada una trayectoria consolidada, dirigidas a la población en general, de acuerdo con los principios de publicidad, transparencia, objetividad, igualdad y no discriminación.

*SEGUNDO.—OBJETO DE LA SUBVENCIÓN*

Serán objeto de subvención únicamente las actividades culturales dirigidas a la realización de festivales de música y artes escénicas. Estas actividades se realizarán durante el año 2017, abarcando el período comprendido entre el 1 de enero y el 30 de noviembre de 2017

Quedan excluidos de la presente convocatoria, y por tanto no serán objeto de subvención, las siguientes actividades e inversiones:

- Los gastos de inversiones: obras y bienes inventariables.
- Los gastos incompatibles con la aplicación presupuestaria a la que se imputa el gasto de esta convocatoria
- Los impuestos indirectos cuando sean susceptibles de recuperación o compensación.
- Las actividades subvencionadas, en el mismo ejercicio, a través de otras convocatorias de subvenciones del Concello de Redondela o a través de convenios firmados con el Concello.
- Las actividades deportivas, así como de cualquiera otra índole que no sea cultural.
- Los gastos de funcionamiento de las entidades y los gastos corrientes.
- Los viajes de ocio, las excursiones, las fiestas gastronómicas y las fiestas populares.
- Los gastos gastronómicos, excepto en aquellos casos que guarden relación directa con la actividad y sean necesarios para su desarrollo.

*TERCERO.— IMPORTE DE LA SUBVENCIÓN*

El crédito global que se dispone para el otorgamiento de estas subvenciones será de 15.000 euros, con cargo a la partida 3341A4890006 del presupuesto vigente.

